

SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION Expte: 1407/1102

Asunto.- Solicitud de acceso á información pública

Antecedentes

En data 7.06.2023 dona [REDACTED] solicita acceso á información pública relación de todo tipo de vehículos adquiridos polo ente local ou contratados mediante leasing, renting o calquera outra figura contractual, entre febreiro de 2006 e agosto de 2013.

En data 27.03.2023 e 29.06.2023 solicitouse informe á área de Fomento e Servizos, á rea de Seguridade e Mobilidade, área de desenvolvemento local de emprego

Posteriormente en data 25.08.2023 a servizo de Patrimonio.

En data 30.08.2023 emítese o informe solicitado.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:13	Páxina 1 de 6
1407-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada.-

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:13	Páxina 2 de 6
1407-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O solicitante, dona ██████████ solicita acceso á información pública relación de todo tipo de vehículos adquiridos polo ente local ou contratados mediante leasing, renting ou calquera outra figura contractual, entre febreiro de 2006 e agosto de 2013.

Por parte da Área de Seguridade e Mobilidade emitiuse informe de data 15.05.2023 no que sinala "No que respecta ao servizo da Policía Local, no período comprendido entre o mes de febreiro de 2006 e agosto de 2013, formalizou dúas contratacións maiores no eido dos medios de locomoción:

a) Por Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2010, adxudicouse a subministración de motocicletas para a Policía Local (expte. 34434/212).

O prezo do contrato (IVE engadido) adxudicouse en 342.547,00 euros.

Estableceuse unha división nos seguintes lotes, adxudicatario e prezo:

Lote	Tipoloxía veh.	Adxudicatario	Prezo € (IVE eng.)
Nº 1.	19 motocicletas para o servizo de proximidade	Mopavi, SLU	235.125,00
Nº 2.	3 motocicletas para servizo escoltas	Mopavi, SLU	53.400,00
Nº 3	Motocicletas servizo UMIR	Ángel Leirós Motos, SL	54.022,00

As motocicletas do lote nº 1 son da marca Honda, modelo Neuville (700cc).

As motocicletas do lote nº 2 son da marca Honda, modelo Pan European (1300cc).

As motocicletas do lote nº 3 son da marca Yanaha, modelo XT (650cc).

Todas as motocicletas utilizan combustible gasolina.

As citadas motocicletas son propiedade do Concello de Vigo.

b) Por Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de marzo de 2011, adxudicouse á mercantil BBVA Finanzia Auto renting, SA, a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de 18 vehículos policiais (expte. 34411/212).

O contrato adxudicouse por un período de 48 meses, cun prezo total de 971.460,00 euros (IVE 18% engadido).

Os 18 vehículos distribuíronse nas seguintes clases e tipoloxía:

Clase	Tipoloxía
I	10 patrulleiros sen kit traslado detidos
II	4 patrulleiros con kit traslado detidos

Copia do documento - Concello de Vigo 1407-1102	Data impresión: 26/10/2023 09:13	Páxina 3 de 6
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III	2 furgóns atestados
IV	1 vehículo todoterreo TT1
V	1 Vehículo todoterreo TT2

Os vehículos foron entregados escalonadamente, nas seguintes datas:

- 26/05/2011, 5 vehículos da clase I.
- 09/06/2011, 5 vehículos da clase I; 1 vehículo da clase IV; e 1 vehículo da clase V.
- 29/06/2011, 4 vehículos da clase II.
- 26/09/2011, 2 vehículos da clase III.

Os vehículos das clases I e II eran da marca Citroen, modelo C4 Picasso. Os vehículos da clase III eran da marca Citroen, modelo Jumper. Os vehículos das clases IV e V eran da marca Mitsubishi, modelo Montero. Todos os vehículos dispoñían de motores combustión con combustible diesel.

Non obstante o anterior, coa entrada en vigor do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, prevista para o 1 de setembro de 2012, introducíronse cambios importantes que afecta ao tipo de IVE, cunha subida no tipo impositivo xeral do 18% ao 21%.

Polo tanto, aquelas relacións contractuais que mantiña o Concello de Vigo víronse afectadas a partires da data de entrada en vigor da citada norma, incrementando o custo total do contrato respecto do importe pendente de executar.

O custo do citado contrato para o exercicio 2012 era de 242.865,00 euros. Respecto do caso que nos ocupa, existe unha base exenta da aplicación do IVE por un importe de 22.036,08 euros (cuotas suplidos). A base imponible afectada polo incremento do novo tipo impositivo, correspondente aos meses de setembro a decembro, ambos inclusive é de 62.381,00 euros. Polo tanto, para a aplicación do novo tipo impositivo do 21% foi necesaria a emisión dun documento contable complementario por un importe de 1.871,40 euros.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 11 de abril de 2014, acorda a modificación do contrato de subministro que nos ocupa, suprimindo do obxecto contractual un vehículo da clase I, por perda total do mesmo a causa da caída dunha árbore, quedando a totalidade do obxecto do contrato en 17 vehículos e a relación da clase I en 9 unidades, cunha redución total do contrato na cantidade de 30.428,42 euros.

O contrato contempla unha prórroga de 6 meses, desde a data de finalización da prestación, sendo acordada a mesma polo Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade o 04/03/2015, acadando un custo total de 117.863,41 (21% IVE engadido).

Tendo en conta as datas de entrega dos vehículos, a prórroga ten a seguinte duración:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:13	Páxina 4 de 6
1407-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Vehículos da clase I: 5 vehículos desde 27/05/2015 ata 26/11/2015; e 4 vehículos desde o 10/06/2015 ata o 09/12/2015.
- Vehículos da clase II: 4 vehículos desde o 30/06/2015 ata o 29/12/2015.
- Vehículos da clase III: 2 vehículos desde o 27/09/2015 ata o 26/03/2016.
- Vehículo da clase IV: 1 vehículo desde o 10/06/2015 ata o 09/12/2015.
- Vehículos da clase V: 1 vehículo desde o 10/06/2015 ata o 09/12/2015."

Por parte do Servizo de Fomento en data 28.08.2023 emítase informe no que sinala que "Consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, en relación a dito concepto, non constan expedientes de adquisición de vehículos, nin mediante a figura de leasing nin de renting, tramitados nesta Área de Fomento nas datas indicadas."

En data 29.08.2023 o Servizo de Patrimonio emite informe no que sinala "As adquisicións de bens mobles promóvense por cada departamento da casa consistorial. En todo caso, por se fose de interese, no IMBD recóllese información sobre os vehículos dados de alta que os cidadáns poden consultar, tal e como coñecen, no Portal de Transparencia https://transparencia.vigo.org/?id_file=415&lang=ga&file=inventario%20veh%Edculos.pdf.

A información solicitada constitúe información nos termos do artigo 13 da LT LTAIBG polo que procede facilitar a información a través do seguinte enlace; https://transparencia.vigo.org/?id_file=415&lang=ga&file=inventario%20veh%Edculos.pdf.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por dona [REDACTED] e facilitar a información disponible a través do enlace https://transparencia.vigo.org/?id_file=415&lang=ga&file=inventario%20veh%Edculos.pdf xunto co informe da área de mobilidade e seguridade transcrito no apartado segundo das consideracións xurídicas da presente resolución.

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:13	Páxina 5 de 6
1407-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño

(Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023 e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:13	Páxina 6 de 6
1407-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		